



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Avenida de Castelao, 20, baixo  
15.704 Santiago de Compostela  
Tfno e fax: 981-570099  
Correo-e: [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)  
Páxina electrónica: [www.adega.gal](http://www.adega.gal)*

**DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS**

Fins Eirexas Santamaría, DI XXXXXXXX-X, secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF G-XXXXXXX, con domicilio a efectos de notificación na Avenida de Castelao, 20, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, presenta ao PROXECTO CONSTRUTIVO, PLAN DE RESTAURACIÓN E ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL PARA O RECRECIDO DO DEPÓSITO DE LODOS VERMELLOS, SITUADO NO TERMO MUNICIPAL DE XOVE, NA PROVINCIA DE LUGO E PROMOVIDO POR ALÚMINA ESPAÑOLA, S.A., as seguintes,

**ALEGACIÓNS**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Os documentos sometidos a información pública de xeito conxunto corresponden en realidade a dous proxectos independentes entre si. Por unha banda, o proxecto de recrecemento do depósito de lamas vermellas até a cota 104 e por outro o proxecto de peche, clausura e restauración da antedita instalación. O primeiro resposta á estratexia empresarial de alongar a vida do depósito a para seguir producindo alúmina, e o segundo é un requerimento da Lei 22/1973 de Minas e do Real Decreto 975/2009 sobre a xestión dos residuos das industrias extractivas e a protección e rehabilitación de zonas afectadas polas actividades mineiras.

Xa que logo a tramitación de ambos proxectos debería realizarse de xeito independente, e como tais procedemos a valoralos ao longo deste documento.

**1. ENCOL DO PROXECTO DE RECRECIMENTO DO DEPÓSITO DE LAMAS VERMELLAS**

**1.1.-** Ao longo da vida desta instalación producíronse diversos recrecementos (1986, 1995) froito das necesidades do proceso produtivo. O último foi presentado en 2004 e autorizado en 2006 e consistía na elevación dos diques principais e de cola até a cota 100 para permitir o depósito de lamas vermellas até a cota 99. Segundo a empresa, isto permitiría continuar a verter e refugallos mineiros por outros 25 anos máis (dende 2004), isto é, até o ano 2029 ou 2030.

Sen terse concluída a ampliación autorizada en 2006, preséntase agora un novo proxecto de recrecemento para elevar os diques até a cota 104 e permitir acumular lamas até a cota 103. Segundo a empresa, isto permitiría alongar a vida útil do depósito outros 3,4 anos. No estudo de impacto ambiental deste novo proxecto, ao valorar a “Alternativa 0” ou de non actuación, indícase que de non autorizarse o recrecemento a cota 104 a vida útil da actual instalación sería doutros 4

anos máis (isto é até o ano 2026) co ritmo de produción actual. Portanto, o novo recrecemento proposto so alongaría a vida útil outros 3,4 anos máis, isto é, até mediados do ano 2029.

Cómpre ter pois en consideración que a xustificación da empresa para desenvolver o actual proxecto, como tamén acontecera co autorizado en 2006, foron unhas necesidades de produción que estimaron erroneamente e moi á baixa o volume de lamas vermellas xerado.

**1.2.-** A actividade actual da empresa cingúese unicamente á produción de alúmina a partir da bauxita, xa que a fundición de aluminio está parada. O proceso de transformación da bauxita en alúmina é a principal fonte de xeración das lamas vermellas que son depositadas na balsa que novamente se pretende ampliar.

Xa que logo, no ciclo de obtención do aluminio metal, cuxa reutilización e reciclaxe podería considerarse en grande medida circular, a fase de obtención da alúmina é a que provoca o maior volume de refugallos contaminantes (líquidos e sólidos) e a que menor valor engadido achega en comparación coa produción de aluminio.

Na fatoría de Alúmina Española S.A. desenvólvese pois un proceso industrial, a obtención de alúmina para a exportación, moi intensivo na xeración de efluentes contaminantes, nomeadamente lamas vermellas e augas con altos contidos de flúor, que cómpre xestionar. Porén, a revisión das Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) foron tramitadas conxuntamente para a planta de alúmina e a de aluminio (2006/0184 NAA/IPPC 131 e 2005/0093 NAA/IPPC 130) e concedidas pola Xunta en xuño de 2020. Nelas establecíanse unha serie de límites para os contaminantes presentes nos efluentes emitidos á atmosfera e ao medio acuático, de xeito conxunto para os dous procesos produtivos. En base a isto, a administración galega autorizou diversas excepcións consonte ao artigo 7.5 do Real decreto legislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

No caso dos efluentes líquidos, ditas excepcións supoñían autorizar a vertedura anual de 7,5 millóns de m<sup>3</sup> de augas residuais ao medio, procedentes tanto dos procesos industriais como da balsa de lamas vermellas, cunha cantidade de fluoruros de 15 mg/l até finais de xullo de 2022; 10 mg/l até finais xullo de 2023 e 8 mg/l en diante. Como referencia, os valores máximos de fluoruros fixados no RD 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguemento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, son de 1,7 mg/l.

Dende ADEGA argumentamos que ao non desenvolverse xa unha parte importante do proceso produtivo (a obtención de aluminio metal) para o que se concederon conxuntamente co da alúmina as Autorizacións Ambientais Integradas que permitían un importante aumento na emisión de contaminantes, non está xa xustificado o mantemento das excepcións aos límites de emisión, particularmente para o Flúor nos efluentes líquidos.

## **2. ENCOL DO PLANO DE RESTAURACIÓN, SELADO E CLAUSURA DO DEPÓSITO DE LAMAS VERMELLAS**

**2.1.-** No Plano de restauración sinálase o feito de que o depósito de lamas vermellas é unha instalación que está considerada de "Categoría A" e que polo tanto é de aplicación o disposto no RD 975/2009 (xestión de refugallos de industrias extractivas) no senso de que o periodo de seguemento na fase post-clausura non debe ser inferior a 30 anos. O mesmo se indica no Proxecto coa enxeñaría de detalle para o recrecemento do DBR ("*Depósito de Barros Rojos*", p. 12). Porén, neste último documento menciónase (p. 31) que dito depósito "*no se considera de Categoría A*", e que en consecuencia, o periodo de seguemento post-clausura non poderá ser inferior a 5 anos. A seguir indica tamén que ao abeiro do Decreto 646/2020 (xestión de refugallos en vertedoiro), o periodo mínimo post-clausura deberá de ser de 30 anos, podendo a administración competente determinar a duración e condicións deste plano de seguemento.

Non é de recibo que na documentación presentada se rexistre tal contradición a respecto da categoría do antedito depósito, por canto a diferente consideración da natureza dos residuos e da instalación de vertedura afecta ao periodo no que a empresa debe responsabilizarse do correcto funcionamento da instalación, así como ao tipo de controis e periodicidade con que estes deben levarse a cabo. Non cabe poñer en dúbida a natureza do depósito de lamas vermellas, nin crear confusión a respecto do papel da administración autónoma na determinación da duración e condicións do periodo post-clausura. Tal periodo non pode ser inferior a 30 anos, como indica o Decreto 975/2009, sen que a Xunta poida reducir ou rebaixar os controis establecidos para unha inslación de eliminación de refugallos mineiros e non de simples refugallos.

**2.2.-** Ao fío do comentado no apartado anterior, a empresa presenta no Plano de Restauración un cronograma orientativo para o control e mantemento post-clausura do DBR que fixa actuacións ao longo de 3 periodos: dende os 0 aos 5 anos; dende os 5 aos 30 anos; e despois dos 30 anos do peche. As diferenzas entre estes tres intervalos atinxen á periodicidade dos controis para as diferentes actuacións. Así, para os controis da calidade das augas, no periodo de 0 a 5 anos estes propóñense mensuais, mentres que entre os 5 e os 30 anos propóñense semestrais. Asemade, para o seguemento da vexetación, no primeiro periodo de control este será semestral, mentres que a partir dos 5 anos será anual. Chamamos a atención tamén sobre as discrepancias amosadas entre o cronograma que figura no Plano de restauración (p. 20) e o que se recolle no Proxecto coa enxeñaría de detalle (p. 31). Neste último o control dos marcos topográficos no periodo de 0 a 5 anos fíxase como “bimensual”, mentres que no documento do Plano de restauración indícase que é “mensual”. E para o seguemento da vexetación, o cronograma do Proxecto de enxeñaría de detalle fixa controis cada 3 e 6 anos (para os periodos de 0-5 e 5-30, respectivamente), mentres que no Plano de restauración estes son semestrais e anuais.

**2.3.-** Na documentación presentada pola empresa figuran orzamentados tanto o proxecto de recrecemento (12.137.554 €) como o de selado e clausura (22.498.265 €), mais non se cuantifica o montante das garantías financeiras que debe constituir a empresa con carácter previo á súa execución.

A este respecto, Alúmina Española S.A. indica na p. 2 do Plano de Restauración, que constituirá unha garantía financeira consonte ao art. 43 do RD 975/2009, isto é, para o cumprimento das condicións da autorización do plano de restauración. A empresa indica tamén que non precisa achegar a garantía estipulada no art. 42 do antedito decreto (rehabilitación do espazo natural afectado polos labores mineiros), xa que *“la explotación minera de la que porcede la bauxita a beneficiar no se halla en el espacio económico europeo”*. Porén, e como xa indicamos no primeiro parágrafo da exposición de motivos, estamos perante dous proxectos independentes: un de recrecemento até a cota 104 e outro de selado e clausura. A execución do proxecto de recrecemento pode considerarse como “labores mineiros” asociados ao procesamento do mineral, xa que fai precisa a extracción de materiais xeolóxicos para achegar aos taludes, provocando impactos medioambientais. E esta actividade extractiva resulta necesaria para o beneficio dos recursos minerais que pretende Alúmina Española S.A., malia a que a mena de alumino non sexa extraída na explotación.

Alén disto, a empresa debería constituir tamén a correspondente garantía financeira consonte á Lei 26/2007 de responsabilidade medioambiental.

Polo anteriormente exposto, **SOLICITAMOS:**

- 1.-** A denegación do proxecto de recrecemento do depósito de lamas vermellas até a cota 104, mantendo a vixencia do anterior proxecto aprobado en 2006 e que limitaba a altura da balsa á cota 100. Non ten sentido manter a produción de lamas contaminantes asociadas ao procesamento da bauxita sen pechar o ciclo do aluminio na fatoría.
- 2.-** Que se inste a Alúmina Española S.A. a modificar o proxecto de selado e clausura consonte ao solicitado no punto anterior, de xeito que se leve a cabo logo do cesamento dos labores de enchido do depósito na cota máxima de 99.
- 3.-** A revisión de oficio da Autorización Ambiental Integrada no que atinxe ás determinacións dos parámetros de contaminantes, particularmente Fluoruros, nos efluentes producidos no actual proceso de obtención de alúmina e xestión do DBR. As excepcións concedidas conxuntamente aos procesos de obtención de alúmina e aluminio na revisión da AAI de xuño de 2020 carecen xa de xustificación por ter cesado a produción do metal.
- 4.-** A consideración expresa da instalación de depósito de lamas vermellas como de "Categoría A", e o seu sometimento aos procedementos determinados no RD 975/2009. En consecuencia, os controis post-clausura deben abranguer un período mínimo de 30 anos, sen excepcións nen gradacións na súa intensidade e periodicidade.

Compostela, 12 de setembro de 2022.

Asinado: Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA

**XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**